

DOCUMENTO DE CESIÓN TEMPORAL DE DOCUMENTAIS

D./Dna. _____ ; con DNI:

actuando en nome e representación de

MANIFESTA:

1. Que coñece e acepta as condicións xerais de cesión, recollidas como anexo do presente documento, dos documentais _____ que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) lle cede á citada entidade, en calidade de préstamo, para a súa mostra pública durante o período comprendido entre o _____ e o _____.
2. Asume as obrigas inherentes as citadas condicións e en especial:
 - a. Cumprir estrictamente a data de devolución (_____) dos documentais asignados polo CEIDA.
 - b. Abonar o valor correspondente á reposición no caso de desperfecto ou extravío durante o período de cesión, independentemente de producirse no seu envío ou proxección.
 - c. Comunicar inmediatamente ao CEIDA, por teléfono e fax ou e-mail, calquera dano que poida producirse nos documentais durante o período de cesión, independentemente de producirse no seu envío ou proxección.

_____, de _____ de 2011

Asinado



ANEXO

CONDICIÓN XERAIS DE CESIÓN DOS DOCUMENTAIS

1. O ciclo de cine ambiental e solidario BUTACA VERDE pode ser solicitado por calquera concello, institución ou colectivo que leve a cabo actividades de Educación e Divulgación Ambiental.
2. O período normal de préstamo é de 20 días (inclusive os días do envío). Cabe a posibilidade de ampliar este período en función das necesidades da entidade solicitante e as posibilidades do calendario de préstamo.
3. A cesión dos documentais é **gratuita**. Os custes de envío son por conta da entidade solicitante. Deberá empregarse un sistema de mensaxería rápida que garanta a entrega no prazo de dous días despois da última das proxeccións
4. A entidade solicitante debe enviar, debidamente cumprimentado, o formulario de solicitude. Non se considerará en firme ningunha petición ata a recepción deste formulario. A reserva será por rigoroso orden de chegada da solicitude.
5. A entidade solicitante recibirá confirmación das datas asignadas. O CEIDA reservase o dereito de anular a cesión dos documentais nas datas asignadas por causa que así o xustifique.
6. En caso da non dispoñibilidade de datas para a realización da actividade, a entidade solicitante pasará á lista de espera, por rigoroso orde de solicitude
7. As datas de entrega e devolución serán confirmadas polo CEIDA á entidade solicitante e deberán cumprirse estrictamente. A recepción dos documentais será no CEIDA · Castelo de Santa Cruz, s/n · 15179 Liáns – Oleiros · A Coruña, en horario de 9 a 14.
8. Para a divulgación da actividade empregárase unicamente como material divulgativo o aportado polo CEIDA. Toda comunicación pública sobre esta actividade deberá facer mención ao CEIDA e a inclusión, de xeito perfectamente visible, do seu logotipo.
9. A entidade solicitante farase responsable mediante documento escrito dos documentais que compoñen o ciclo durante o período de cesión. No caso de que algún dos materiais sufrise algún desperfecto ou extravío durante o envío ou proxección, a entidade solicitante comprométese ao abono do valor correspondente para a súa reposición.
10. Todos os danos, independentemente que se producisen no envío ou proxección, deberán ser comunicados inmediatamente ao CEIDA, por teléfono e fax ou e-mail.
11. Calquera acto de inauguración ou clausura do Ciclo de Cine Ambiental ten que ser notificado ao CEIDA, quen terá a opción de participar nel.
12. No momento da devolución dos documentais, a entidade adxudicataria comprométese a entregar en man, por fax ou e-mail:
 - Dossier fotográfico da actividade
 - Documentación e información xerada pola mostra de cine (carteis, trípticos, dossier de prensa, ...)
13. O incumprimento de calquera destas condicións supón a anulación do préstamo dos documentais
14. O envío da solicitude de préstamo supón a aceptación e o cumprimento das condicións expostas.